Así mesmo, a mesa requirirá á empresa que obtivo a mellor puntuación a documentación necesaria para a adxudicación e, en seu caso, calquera outra que non figure inscrita no rexistro de licitadores que estableza o prego.

## MODALIDADE II

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Naqueles casos en que a empresa licitadora deba presentar **dous sobres**, a mesa de contratación, en acto público, procederá á apertura electrónica do sobre que contén a declaración e a oferta de criterios cualitativos ou dependentes dun xuízo de valor que se enviará aos servizos técnicos do órgano de contratación para que emitan o seu informe ao respecto.

Finalizado o acto público, na mesma sesión, a mesa procederá cualificará a declaración presentada polas empresas licitadoras.

O órgano de contratación publicará no perfil de contratante, coa debida antelación, a data en que vaia ter lugar o acto público de apertura e lectura dos criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas.

A mesa, neste novo acto público, indicará as proposicións admitidas, as rexeitadas e as causas polas que estas últimas non se admitiron. Así mesmo, dará a coñecer a valoración asignada aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor e, por último, procederá á apertura electrónica e lectura dos criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas.

Finalizado o acto público, na mesma sesión, unha vez excluídas as ofertas que non cumpran cos requisitos do prego, procederá a avaliar e clasificar as ofertas.

Nos casos en que a mesa de contratación presuma que algunha oferta resulta inviable por estar formulada en termos que a fan anormalmente baixa deberá tramitar o seguinte procedemento:

Identificadas as ofertas que se atopan incursas en presunción de anormalidade consonte o limiar de referencia establecido no cadro de características do contrato (**apartado 16 do anexo 0** deste prego), requirirase aos licitadores que as presentaran e daráselles un prazo de 5 días hábiles, contados dende o envío da comunicación do requirimento, para que xustifiquen e desagreguen de xeito razoado e detallado o baixo nivel dos prezos, dos custos ou de calquera outro parámetro considerado anormal na oferta, mediante a presentación dos documentos necesarios para acreditar a viabilidade da oferta.

Entenderase que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando sexa incompleta ou se fundamente en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Ademais, en caso de que se produza o empate entre dúas ou máis ofertas, aplicarase o réxime de desempate establecido neste prego.

Posteriormente, a mesa realizará a proposta de adxudicación a favor da candidatura con mellor puntuación. A mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa proposta como adxudicataria está debidamente constituída, que a persoa que asina a

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

proposición ten poder bastante para formular a oferta, que posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, se cómpre, a clasificación correspondente, e que non está incursa en ningunha prohibición para contratar.

## 16. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

Unha vez realizadas as actuacións anteriores, a mesa de contratación, requirirá á empresa licitadora que presentou a mellor oferta, consonte o disposto no artigo 159 da LCSP, para que, dentro do prazo de sete días hábiles que se contarán desde o envío do o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias que se refiren no apartado a) e c) do artigo 140 da LCSP relativa a estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente, por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído o IVE, segundo indica o **apartado 11 do anexo 0** deste prego.

Se non se cumpre adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta e procederase, neste caso, a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalización.

De concorrer este suposto, o órgano de contratación solicitaralle a mesma documentación á empresa licitadora seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

A garantía definitiva poderá constituírse en efectivo, mediante aval, en valores públicos ou por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas na normativa de desenvolvemento da LCSP. O seu importe ou a documentación acreditativa correspondente depositarase na Tesourería Municipal.

A garantía poderá constituírse en forma de retención do prezo, que se fará sobre a primeira factura (**apartado 11 do anexo 0** deste prego).

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a documentación que se indica a seguir, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas:

- . Certificación de alta no censo de actividades económicas referida á epígrafe que faculte para exercer as actividades que corresponden ao obxecto do contrato e ao seu ámbito territorial.
- . Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria Estatal.
- . Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Xunta de Galicia.

A empresa licitadora que non estea obrigada a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento xeral da LCAP deberá acreditalo mediante unha declaración responsable.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante unha certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, deberá facer constar esta circunstancia mediante unha declaración responsable.

O Concello comprobará de oficio que a empresa licitadora proposta como empresa adxudicataria non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

As persoas estranxeiras, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar unha certificación expedida por unha autoridade competente no país de procedencia que acredite que están ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, presentarán unha certificación, tamén expedida por unha autoridade competente, en que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

## **17. ADXUDICACIÓN**

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible ao abeiro dos criterios que figuran nos pregos.

A adxudicación será motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de tres meses contados desde a apertura das proposicións. De non producirse a adxudicación neste prazo, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

Cando o único criterio para seleccionar a empresa adxudicataria do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberase efectuar no prazo máximo de quince días contados desde o seguinte ao da apertura das proposicións.

Os prazos indicados nos números anteriores ampliaranse en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o número 4 do artigo 149 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días naturais seguintes á presentación da garantía definitiva.

O órgano de contratación poderá adoptar a decisión de non adxudicar, non formalizar o contrato ou desistir do procedemento, consonte o disposto no artigo 152 da LCSP.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

Só se poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou non formalizar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non corrixible contra as normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, cuxa concorrencia deberá quedar xustificada no expediente.

### **CAPÍTULO III**

#### **FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

##### **18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

A empresa adxudicataria queda obrigada a subscribir, dentro do prazo de quince días hábiles que se contarán desde o seguinte á data en que se realice a notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo para formalizar o contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e do das prescricións técnicas.

Se o contrato é susceptible dun recurso especial en materia de contratación, non se poderá formalizar en tanto non transcorran os quince días hábiles desde que se lles remita a notificación da adxudicación ás empresas licitadoras ou desde que se dite resolución co levantamento da suspensión do acto de adxudicación. Transcorrido este prazo, os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán á empresa adxudicataria para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días, contados desde o seguinte a aquel en que se dea por recibido o requirimento.

Cando a empresa adxudicataria sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá presentar a escritura pública de constitución como tal.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo e constituirá un título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite a empresa contratista. Neste caso correrán pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen que se formalice previamente.

Cando, por causas imputables á empresa adxudicataria, non se formalice o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se está constituída e



<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP relativo á concorrencia da prohibición de contratar.

Neste caso, o contrato adxudicaráselle á seguinte empresa licitadora pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas e logo de que presente a documentación establecida no apartado 2 do artigo 150 da LCSP.

Se a causa da non formalización resulta imputable á Administración indemnizarase á empresa contratista polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

## **CAPÍTULO IV**

### **EXECUCIÓN DO CONTRATO**

#### **19. RESPONSABLE SUPERVISOR DAS OBRAS OBXECTO DO CONTRATO E UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DO CONTRATO**

O órgano de contratación designará unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable das obras, quen supervisará a súa execución, comprobando que a realización axústase ao establecido no contrato, e cursará á empresa contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

De conformidade co artigo 62.2 LCSP, nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas pola dirección facultativa consonte o disposto nos artigos 237 ao 246 LCSP.

Sen prexuízo do disposto no artigo 214.2.d) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativa á función interventora, será misión da dirección facultativa a comprobación de que se realizaron as obras segundo o proxecto, así como as instrucións no curso da súa execución.

A empresa contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da dirección facultativa, que terá libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

Cando a empresa contratista, ou persoas dela dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

A dirección facultativa da obra poderá ordenar a apertura de calas cando sospeite a existencia de vicios ocultos de construción ou de térense empregado materiais de calidade deficiente. De confirmarse a existencia de tales defectos, serán de conta da empresa contratista os gastos

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

derivados do recoñecemento e emenda. En caso contrario, a dirección certificará a indemnización que lle corresponde á execución e reparación das calas, valoradas aos prezos unitarios do orzamento de adxudicación.

Así mesmo, a dirección facultativa, de conformidade co establecido no artigo 145 do RXLCAP, poderá ordenar a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, para ser os gastos que se orixinen de conta da Administración ou da empresa contratista.

A dirección poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente. A empresa contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo de que a dirección da obra promova con posterioridade a tramitación administrativa correspondente.

O procedemento que cómpre seguir nos casos de forza maior do artigo 239 LCSP, será o establecido no artigo 146 do RXLCAP.

A resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato tramitarase, mediante un expediente contradictorio, de acordo co establecido no artigo 97 do RXLCAP.

Durante a execución do contrato, a empresa adxudicataria asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute consonte as instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola dirección e inspección da obra.

A unidade municipal encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o centro xestor que o propoña. **Apartado 3 do anexo 0** deste prego.

## 20. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

A empresa contratista está obrigada a cumprir a normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigada ao cumprimento do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, e do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado por Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación aínda que, en todo caso, a empresa adxudicataria estará obrigada a cumprir as condicións salariais dos traballadores consonte o convenio colectivo sectorial de aplicación.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a empresa adxudataria do contrato está obrigada a fornecer a Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na citada norma, así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.

A empresa contratista está obrigada a cumprir o Regulamento dos servizos de prevención, aprobado por Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, será de aplicación plena, sen prexuízo das disposicións específicas previstas no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables ás obras de construción.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas que inclúe e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese á empresa contratista a dirección facultativa.

A empresa contratista terá a obriga de colocar, ao seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións da Administración.

A empresa contratista deberá garantir a limpeza das obras. Garantirase sempre unha limpeza axeitada tanto da zona de obra coma do seu ámbito, e procurarase en principio non ensuciar, para o que dispoñerá dos medios necesarios, tales como sistemas de limpeza de vehículos, sistemas de corte que non produzan po ou corte dos pavimentos no almacén etc., e se este feito se producise deberán limpar diariamente a zona non valada da obra e o ámbito.

A empresa contratista está obrigada non só a executar as obras, senón tamén a conservarlas ata a súa recepción. A responsabilidade da empresa contratista por faltas que na obra poidan advertirse, esténdese ao suposto de que tales faltas se deban exclusivamente a unha indebida ou defectuosa conservación das unidades de obra, aínda que estas fosen examinadas e encontradas conformes pola dirección, inmediatamente despois da súa construción ou en calquera outro momento dentro do período de vixencia do contrato.

A empresa contratista deberá instalar antes do comezo das obras, e manter durante a execución do contrato, unha oficina de obra no lugar que se considere máis apropiado, logo da conformidade da dirección.

A empresa contratista está obrigada a instalar, á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, as de circulación na zona que ocupan os traballos, así como as dos puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes ou inmediacións. A empresa contratista está obrigada non só á execución das obras, senón tamén á súa conservación e policía ata a recepción e durante o seu prazo de garantía. Do mesmo xeito, a empresa adxudataria responderá da vixilancia dos terreos así como dos bens que haxa neles. Se así fose requirido pola dirección da obra, a empresa contratista terá a obriga de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a súa recepción.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

## Condicións especiais de execución do contrato

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto no sentido do artigo 145 da LCSP, non sexan directa o indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

A empresa contratista garantirá condicións para a igualdade da muller e do home na execución do contrato, realizará un uso non sexista da linguaxe na documentación, publicidade, imaxe ou materiais, evitará calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.

As empresas contratistas con máis de 250 traballadores deberán xustificar que dispón dun plan para a igualdade de mulleres e homes co contido previsto na Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

Na execución do contrato, a empresa contratista ou subcontratista garantirá a igualdade entre mulleres e homes no trato, no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.

Se para a execución do contrato é necesaria unha contratación nova de persoal e a empresa contratista ou subcontratista conta cunha representación desequilibrada de mulleres no seu cadro de persoal, deberá dar preferencia á contratación de mulleres durante toda a súa vixencia. Entenderase por cadro de persoal desequilibrado aquel que conte cunha representación ou presenza de mulleres inferior ao 50% do total.

No **apartado 18 do anexo 0** deste prego especificanse as condicións especiais de execución deste contrato, de acordo co establecido no artigo 202.1 da LCSP.

Estas condicións teñen carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 da LCSP.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

## 21. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTRA DA EMPRESA CONTRATISTA

Son de conta da empresa contratista os gastos e impostos, os de formalización do contrato no suposto de traslado a escritura pública, así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan, en especial a taxa por prestación de servizos urbanísticos, polo concepto de licenza de

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

obras e outros, ademais de cantos visados sexan preceptivos para a entrega debidamente legalizada das instalacións. Así mesmo, estará obrigada a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, en especial o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras se este for esixible, o IVE e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a súa vixencia.

Serán de conta da empresa contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra nunha contía máxima equivalente ao 1% do orzamento da obra. No entanto, non terán tal limitación e correrán integramente por conta da empresa contratista, os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra (art. 67.3.i) RXLCAP).

Serán de conta da empresa contratista os gastos de publicación dos anuncios de afeccións aos usuarios, con motivo da execución das obras.

Serán de conta e a custo da empresa contratista a realización das xestións, pagamento de todos os gastos, taxas, arbitrios etc. e redacción e visado dos proxectos que haxa de presentar nos organismos competentes para os efectos de obter a alta e permiso de funcionamento, enganches a redes e servizos, acometidas provisionais e definitivas e, en xeral, todo o necesario para o funcionamento axeitado e legalizado das instalacións. Nos prezos aplicados ás partidas dos capítulos de instalacións considérase incluída a parte proporcional do importe correspondente á legalizacións, licenzas de actividade, instalación, dirección de obra, probas de posta en marcha e todos os trámites e xestións necesarios para a súa entrega en condicións de recibir as correspondentes altas nas subministracións. Para o resto de partidas, considérase incluída nos prezos a parte proporcional do importe correspondente ás probas na fase de obra terminada que sexan necesarias.

Se, pola execución das obras, é necesario afectar os accesos de terreos particulares deberán manterse estes accesos sempre operativos, nas debidas condicións de seguridade e coa maior comodidade posible para as persoas usuarias.

En casos especiais, e logo de comunicación e audiencia aos interesados, poderán interromperse temporalmente estes accesos, sempre que esta interrupción poida ser asumida polos usuarios do terreo afectado. No caso de que por motivo das obras deban ser interrompidos os servizos ou o acceso a un terreo, a contrata correrá co custo das indemnizacións que se puidesen derivar de tal circunstancia.

En todo caso, serán gastos que debe asumir a empresa contratista en calquera circunstancia, os que se inclúen na relación seguinte, sen pretender que esta teña un carácter limitativo, senón simplemente enunciativo:

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

- Gastos de montaxe, conservación e retirada de instalacións para a subministración de auga e enerxía eléctrica necesaria para a execución da obra, así como dereitos, taxas ou importes de acometida, contadores e demais elementos.
- Gastos e indemnizacións que se produzan nas ocupacións temporais, diferentes ás previstas no proxecto.
- Gastos de explotación e utilización de préstamos, canteiras, canles e vertedoiros.
- Gastos de retirada de materiais rexeitados, evacuación de restos, limpeza xeral da obra e zonas estremeira afectadas polas obras.
- A execución, remoción e reposición e retirada de toda clase de construcións auxiliares, incluídos camiños de acceso e limpeza e arranxo da zona de obras comprendidos, zona de instalacións, abastos, préstamos e cabaleiros, despois da terminación da obra.
- A adquisición ou aluguer de terreos para as instalacións, abastos, cabaleiros e préstamos.
- Gastos de reparación e reposición de camiños e servizos que afecte á empresa contratista para a realización dos traballos.
- Gastos de conservación e policía da obra, a subministración, colocación e conservación de sinais dentro da obra e de zona de terceiros e nas zonas de inicio e fin de obra; a gardería da obra e a vixilancia de afeccións a terceiros, con especial atención ao tráfico rodado.
- Os danos a terceiros por motivo da forma de execución da obra.
- Os maiores custos que poidan derivarse pola realización de traballos nocturnos, en horas extraordinarias ou días festivos.
- As cargas financeiras correspondentes ou realoxamento de vehículos particulares de garaxes e aparcadoiros privados así como calquera compensación que puidese xerar o peche temporal de accesos a aparcadoiros públicos.

En definitiva, tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adjudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta da empresa contratista, agás o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

## 22. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA. MEDICIÓNS E VALORACIÓN

Só se lle aboará á empresa contratista a obra que realice consonte os documentos do proxecto e, no seu caso, ás ordes recibidas por escrito da dirección facultativa.

A medición dos traballos efectuados levarase a cabo pola dirección da obra, e a empresa contratista poderá presenciar a súa realización. Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, a empresa contratista está obrigada a avisar coa suficiente antelación, a fin de que a dirección poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá a empresa contratista. A falta de aviso anticipado, cuxa proba corresponde

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

á empresa contratista, queda esta obrigada a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

Para cada clase de obra adoptárase como unidade de medida a sinalada na epígrafe correspondente dos estudos de medicións do proxecto. Terminada a medición, a dirección facultativa valorará a obra executada aplicándolle a cada unidade o prezo unitario correspondente do orzamento ou o contraditorio que proceda, tendo en conta o previsto nos pregos para os aboamentos de obras defectuosas, materiais amoreados, partidas alzadas e para os aboamentos a conta do equipo posto en obra.

Ao resultado da valoración, obtido na forma expresada no parágrafo anterior, aumentaráselle as porcentaxes sinaladas no artigo 131 do RXLCAP adoptadas para formar o orzamento. A cifra que resulte multiplicarase polo coeficiente de adxudicación, para obter así a relación valorada mensual que dará lugar á certificación mensual, a que se expedirá pola Administración nos dez días seguintes ao mes que corresponda.

Para estes efectos, de conformidade co apartado dous da disposición adicional trixésima segunda da LCSP, a empresa contratista deberá facer constar en cada factura presentada, a identificación tanto do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, como do órgano de contratación e do destinatario, segundo o disposto no **apartado 19 do anexo 0** deste prego.

Así mesmo, especificará a identidade da empresa contratista, o detalle da prestación do que se deriva a obriga e o seu importe exacto.

A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra e de demorarse, deberá aboarlle á empresa contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para a devindicación de xuros, a empresa contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura diante do rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercancías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210 e no apartado 1 do artigo 243, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

En todo caso, se a empresa contratista incumprir o prazo de trinta días para presentar a factura

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data Creación:</i>
CON13I0RW	CON/24/2019	09-05-19 13:48

diante do rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, a devindicación de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data da correcta presentación da factura, sen que a Administración aprobe a conformidade, se procede, e unha vez efectuado o correspondente aboamento.

As certificacións que se expidan e as cantidades que se lle aboen á empresa contratista terán o carácter de aboamentos a conta e non suporán de ningunha forma a aprobación e recepción das obras que comprenden, o resultado da certificación final das obras executadas e a conta da liquidación do contrato. Nestes aboamentos a conta observarase o disposto no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 198.

As partidas sinaladas no orzamento a tanto alzado, aboaranse consonte se indica no prego de prescricións técnicas particulares. De non existir, estarase ao disposto no artigo 154 do RXLCAP.

A empresa contratista, logo de petición escrita, terá dereito a percibir aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións ou equipos, na forma e coas garantías que, para ese efecto determinan os artigos 155 a 157 do RGLCAP. A contía e condicións atópanse sinaladas no apartado 19 do anexo 0 ao presente prego referido a cada lote. Os referidos pagamentos serán asegurados mediante a prestación da garantía que se especifica no devandito apartado.

A empresa contratista poderá cederlle a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandado de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fidedignamente a esta última o acordo de cesión (art.200 LCSP).

## **Facturas**

Coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento CEE núm. 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

O acceso ao sistema electrónico de facturación do Concello de Santiago e á información sobre este será a través da seguinte URL: <http://santiagodecompostela.org/>



Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Os datos necesarios para poder cubrir o proceso de rexistro das facturas electrónicas son os que figuran no **apartado 19 do anexo 0** deste prego.

## **23. COMPROBACIÓN DA IMPLANTACIÓN, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PROGRAMA DE TRABALLO**

### **23.1. Comprobación da implantación**

Dentro do prazo que se sinala no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización agás en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras efectuará, en presenza da empresa contratista, a comprobación da implantación feita previamente á licitación. Estenderase acta do resultado, que será asinada por ambas as partes interesadas, para enviar un exemplar dela ao órgano contratante. A acta de comprobación deberá recoller expresamente o disposto no artigo 140 do RXLCAP.

Se o resultado da comprobación demostra, a xuízo da dirección facultativa e sen reserva por parte da empresa contratista, a viabilidade do proxecto e a dispoñibilidade dos terreos, darase daquela a autorización para o seu inicio, e empezará a contar o prazo de execución desde o día seguinte ao da sinatura da acta. No caso de que a empresa contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fíxese outras observacións que puidesen afectarlle á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o seu comezo, xustificándoo na propia acta. A autorización de inicio constará explicitamente na acta, e así quedará notificada a empresa contratista polo feito de subscribila.

Naqueles casos en que non resulten acreditadas as circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior ou a dirección facultativa da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendido o seu inicio, farase constar na acta e a empresa contratista quedará obrigada a dar conta inmediata á Administración, que resolverá o que proceda.

O procedemento da modificación axustarase ao previsto no artigo 141 do RXLCAP, e será o seu réxime o previsto no artigo 205 LCSP.

De conformidade co artigo 245 b) LCSP será causa de resolución do contrato a suspensión do inicio das obras por prazo superior a catro meses.

Desaparecida a causa que motivou a falta de inicio, o órgano de contratación ditará a resolución correspondente, que se lle notificará fidedignamente á empresa contratista. O prazo de execución empezará a contarse desde o día seguinte á recepción da notificación do acordo de autorización de inicio das obras.

O disposto anteriormente aplicarase igualmente cando a empresa contratista formulase reservas no acto de comprobación da implantación. No entanto, se a xuízo do órgano de contratación tales

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

reservas resultasen infundadas, non quedará suspendido o inicio das obras nin, en consecuencia, será necesario ditar un novo acordo para que se produza a súa iniciación e se modifique o cómputo do prazo para a súa execución.

### 23.2. Plan de seguridade e saúde

En aplicación do estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, do estudo básico, segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 4 do RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, a empresa contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo en que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado polo órgano de contratación antes do inicio da obra, co informe previo da persoa coordinadora en materia de seguridade e saúde designada para a obra ou, no seu caso, a dirección facultativa.

### 23.3. Programa de traballo

Cando se estableza no apartado 8 do anexo 0 ao presente prego referido a cada lote, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, a empresa contratista estará obrigada a, no prazo máximo de trinta días contados desde a formalización do contrato, someter o programa de traballo á aprobación do órgano de contratación correspondente, en que deberán incluírse os datos esixidos no artigo 144 do RXLCAP.

O órgano de contratación resolverá sobre o programa de traballo dentro dos 15 días seguintes á súa presentación, e poderá impoñer a introdución de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

## 24. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

A empresa contratista queda obrigada a cumprir o prazo de execución do contrato nos termos previstos neste prego.

Se, chegado o final do traballo, a empresa contratista incorrese en demora por causa que se lle poida imputar, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou para acordar a súa continuidade impoñendo novas penalidades.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

A Administración terá esta mesma facultade a respecto do incumprimento por parte da empresa contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir co prazo total.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable á empresa contratista no caso de que as penalidades non cubran os danos ocasionados.

Para considerar que a empresa incorre en mora non será necesario que a Administración llo teña advertido previamente.

De producirse atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables á empresa contratista, a Administración poderá, por pedimento desta, concederlle unha prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que a empresa contratista solicite outro menor.

Correspóndelle impoñer as penalidades ao órgano de contratación, segundo a proposta que formule o responsable do contrato. O acordo será inmediatamente executivo e as penalidades faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboárselle á empresa contratista ou sobre a garantía cando non poidan deducirse dos mencionados pagamentos.

## 25. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMIENTO DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Cando a empresa contratista, por causas imputables a ela, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

### Infraccións:

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes e, especificamente, atendendo ao menor ou maior prexuízo que con elas se lle cause ao funcionamento do servizo ou ao público en xeral.

Considéranse **infraccións moi graves** as seguintes:

- a. O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas neste prego (incluso as condicións especiais de execución), na oferta da empresa adjudicataria, nas ordenanzas municipais ou na demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

- b. O incumprimento pola empresa adxudicataria da normativa en materia laboral, de seguridade social ou de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento e, en concreto, as establecidas no artigo 130 LCSP, así como das obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e da seguridade social dos empregados/as.
- c. As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.
- d. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- e. O falseo da información que se lle deba subministrar ao órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.
- f. A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.
- g. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para a empresa contratista.

Consideraranse **infraccións graves**:

- a. O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta da empresa adxudicataria, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- b. A obstrución pola empresa adxudicataria do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- c. A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- d. A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

Considéranse **infraccións leves**:

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

- a. Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- b. Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

### **Penalidades:**

As infraccións cometidas pola empresa contratista sancionaranse da seguinte forma:

- a. As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- b. As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- c. As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior aos 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

As penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10% do prezo do contrato, IVE excluído, nin os seus totais superar o 50% do prezo do contrato.

Todas as penalidades imporanse logo da tramitación dun expediente, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

## **CAPÍTULO V**

### **CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN**

#### **26. CESIÓN DO CONTRATO**

Os dereitos e obrigas que deriven deste contrato poderán ser cedidos pola empresa adxudicataria a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen determinantes para a súa adxudicación, se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 214.2 da LCSP e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 da LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características da empresa contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

En relación coa posibilidade de cesión do contrato haberá que estar ao establecido no **apartado 21 do anexo 0** deste prego.

## 27. SUBCONTRATACIÓN

Consonte o previsto no **apartado 22 do anexo 0** deste prego, a empresa contratista poderá concertar con terceiros a execución parcial do contrato sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adxudicación do contrato. As empresas licitadoras indicarán na súa oferta a parte do contrato que teñan intención de subcontratar.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, a empresa contratista deberá comunicarllo por escrito ao órgano de contratación tras a adxudicación do contrato e, en todo caso, cando se inicie a súa execución, achegando ao mesmo tempo a seguinte documentación:

- Comunicación do subcontrato que se vai asinar, subscrita pola empresa contratista e pola empresa subcontratista, onde se indiquen as prestacións ou partes do contrato que se subcontratan e o seu importe.
- Declaración responsable da empresa subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de que non se atopa inhabilitada para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos de prohibición para contratar coa administración pública referidos no artigo 71 da LCSP.
- Declaración da empresa contratista de que as prestacións que se subcontratan, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houbera, non exceden do 60% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.
- Acreditación da empresa subcontratista para a execución dos traballos con referencia aos medios técnicos e humanos dos que dispón e á súa experiencia.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución deberanlle ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días desde que se produzan.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data Creación:</i>
CON13I0RW	CON/24/2019	09-05-19 13:48

As infraccións das condicións establecidas nos parágrafos precedentes ou a falta de acreditación da aptitude da empresa subcontratista implicaralle a imposición á empresa contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.

As empresas subcontratistas quedarán obrigadas só ante a empresa contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello de Santiago.

A empresa contratista deberá informar os/as representantes dos traballadores/as da subcontratación consonte a lexislación laboral.

A empresa contratista está obrigada a aboarlles ás empresas subcontratistas ou subministradoras o prezo pactado nos prazos e condicións establecidos no artigo 216 da LCSP.

Será requisito indispensable para o aboamento das correspondentes certificacións ou facturas á empresa contratista que a dirección ou o supervisor/a da execución do contrato achegue un informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data pola empresa contratista para executar o contrato principal ou, se é o caso, que constate que non se produciu subcontratación.

En caso de que o valor estimado do contrato supere os 5 millóns de euros e o importe da subcontratación sexa igual ou superior ao 30% do prezo, o Concello de Santiago comprobará o estrito cumprimento dos pagamentos que a empresa contratista realice ás empresas subcontratistas ou subministradoras que asumiran contractualmente con el o compromiso de realizar determinadas partes ou unidades de obra.

## **CAPÍTULO VI**

### **VI. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

#### **28. MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de contratación exerce a potestade de modificación do contrato nos termos dos artigos 203 a 207 coas especialidades do artigo 242 da LCSP.

Serán obrigatorias para a empresa contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 206 LCSP. No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, a empresa contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

##### **28.1. Modificacións que supoñan introdución de unidades non previstas no proxecto:**

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables a elas serán fixados pola administración logo de lle dar audiencia á empresa contratista por un prazo mínimo de tres días hábiles. Cando a empresa contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixara ou executalas directamente ou optar pola resolución do contrato.

No caso de que as especificacións técnicas fosen preparadas por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizo, o acordo de modificación consonte ao artigo 205 irá precedido dunha audiencia ao seu redactor por un prazo máximo de tres días.

### 28.2. Tramitación das modificacións:

Cando a dirección facultativa da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos da LCSP, solicitaralle ao órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente que se substanciará coas seguintes actuacións:

- Redacción da modificación do proxecto e a súa aprobación técnica.
- Audiencia da empresa contratista e do redactor do proxecto por prazo máximo de 3 días.
- Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

### 28.3. Non terán a consideración de modificacións:

- O exceso de medicións sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.
- A inclusión de prezos novos fixados contraditoriamente sempre que non supoñan un incremento do prezo global do contrato ni afecten a unidades de obra que, no seu conxunto, exceda do 3% do seu orzamento primitivo.

## 29. SUSPENSIÓN DAS OBRAS OBXECTO DO CONTRATO

Se a Administración acordase suspender o contrato ou a suspensión tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta en que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do propio contrato.

Acordada a suspensión, a Administración aboaralle á empresa contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridas por esta, que se cifrarán consonte o disposto no apartado 2 do artigo 208 da LCSP.



Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

## **CAPÍTULO VII**

### **FINALIZACIÓN DO CONTRATO**

#### **30. EXTINCIÓN DO CONTRATO POR CUMPRIMENTO. RECEPCIÓN**

O contrato extinguirase por cumprimento cando a empresa contratista realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no proxecto técnico e a satisfacción da Administración.

##### **30.1. Aviso de terminación da execución da obra**

A empresa contratista, comunicarlle por escrito á dirección da obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, para os efectos de que se poida realizar a súa recepción. O procedemento e prazos para a tramitación desta comunicación, a designación de representante para a recepción e a comunicación, á Intervención, regularanse polo establecido no artigo 163 do RXLCAP.

##### **30.2. Recepción da obra**

O contrato entenderase cumprido pola empresa contratista cando esta realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

Dentro do mes seguinte á finalización da obra, esta recibírase mediante acto formal.

O devandito acto seralle comunicado á Intervención Xeral, para os efectos da súa asistencia no exercicio das súas funcións de intervención da comprobación material do investimento.

Se as obras se atopan en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o funcionario/a técnico/a designado/a polo Concello de Santiago e representante deste, dadas por recibidas, redactarase a correspondente acta por cuadruplicado, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción e: entregaráselle un exemplar ao funcionario/a técnico/a que represente a Administración, outro á dirección facultativa, o terceiro ao/á representante da Intervención Xeral e o cuarto á empresa contratista, comezará entón o prazo de garantía. Na acta de recepción a dirección facultativa fixará a data para o inicio da medición xeral, e quedará notificada a empresa contratista para o devandito acto.

A empresa contratista ten obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga, o representante da Administración remitirlle un exemplar da acta para que, no prazo de dez días, formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

Cando as obras non se atopan en estado de seren recibidas, farase constar así na acta, e a súa dirección facultativa sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remedialos. Se, transcorrido o devandito prazo a empresa contratista, non o efectuou, poderá concedérselle outro prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato por causas imputables á empresa contratista.

Poderán ser obxecto de recepción parcial as partes da obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público segundo o establecido no contrato.

### 30.3. **Medición xeral e certificación final**

Recibidas as obras, procederase seguidamente á súa medición xeral coa asistencia da empresa contratista e a dirección facultativa formulará, no prazo dun mes desde a recepción, a medición das realmente executadas de acordo co proxecto. Dentro do prazo de 3 meses, contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas que, no seu caso, lle será aboada á empresa contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto no artigo 198.4 LCSP.

No caso de obras cuxo valor estimado supere os doce millóns de euros en que as operacións de liquidación e medición fosen especialmente complexas, os pregos poderán prever que o prazo de tres meses para a aprobación da certificación final poderá ser ampliado, sempre que non supere en ningún caso os cinco meses, de conformidade co disposto no último parágrafo do artigo 243.1 LCSP.

## 31. **RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 (apartados do a) ao i) ) e 245 da Lei de contratos do sector público, así como as previstas no Anexo 0 deste prego.

Ao abeiro do artigo 211.2 da Lei de contratos do sector público, cando concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecera primeiro no tempo.

A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación consonte o disposto no artigo 212.1 da Lei de contratos do sector público mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e perdas que deba indemnizar o contratista corresponde ao órgano de contratación nunha decisión motivada logo da audiencia ao contratista e atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e os maiores gastos que lle ocasione á Administración.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Para aplicar as causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 da Lei de contratos do sector público e para os seus efectos ao previsto nos artigos 213 e 313 da Lei de contratos do sector público, así como, se é o caso, no desenvolvemento regulamentario.

En ningún caso se poderán consolidar como persoal da Administración contratante as persoas que realizan os traballos obxecto do contrato de servizos cando este se extinga.

Os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos nun prazo máximo de oito meses.

### 32. PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía que será o sinalado no **apartado 25 do anexo 0**, a contar desde a data de recepción das obras. Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no proxecto.

Durante o devandito prazo a garantía definitiva responderá dos conceptos sinalados no artigo 110 LCSP que resulten de aplicación. Así mesmo e tamén durante este prazo, a empresa contratista coidará, en todo caso, da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto no prego de prescripcóns técnicas particulares do proxecto e as instrucións que dite a dirección da obra. Se, a xuízo da Administración, descoidase a conservación e der lugar a que perigue a obra, executaranse por ela mesma e a costa da empresa contratista os traballos necesarios para evitar o dano.

No caso de haber recepcións parciais, o prazo de garantía das partes recibidas comezará a contarse desde as datas das respectivas recepcións parciais.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a dirección facultativa, de oficio ou a instancia da empresa contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. De ser favorable, a empresa contratista quedará relevada de toda responsabilidade, agás o disposto no artigo 244 da LCSP, e devolveráselle a garantía, liquidarase o contrato e, no seu caso, pagaranse as obrigas pendentes no prazo de 60 días.

Se o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución das obras, e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, a dirección facultativa ditaralle as oportunas instrucións á empresa contratista para a debida reparación do construído. Concederalle un prazo para iso durante o cal continuará encargada da conservación da obra, sen dereito a percibir ningunha cantidade por ampliación do prazo de garantía.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

En todo caso, transcorrido o prazo de garantía, se o informe fose favorable ou, en caso contrario, unha vez reparado o construído, a dirección facultativa formulará no prazo dun mes a proposta de liquidación das obras realmente executadas e notificaráselle á empresa contratista para que, no prazo de dez días, preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos. No prazo de dous meses, contados a partir da contestación da empresa contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante.

Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva da obra ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, desde que concorran as ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción da obra nos termos establecidos no artigo 168 do RXLCAP.

### **33. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS**

Se a obra se arruína ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función con posterioridade ao remate do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimentos do contrato por parte da empresa contratista, esta responderá dos danos e perdas que se produzan ou se manifesten durante un prazo de quince anos contados desde a recepción.

Así mesmo, a empresa contratista responderá durante o dito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que lle afecten á cimentación, aos soportes, ás trabes, ás placas, aos muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a emenda destas.

As accións para esixir a responsabilidade prevista no número anterior por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos prescribirán no prazo de dous anos contados desde que se produzan ou se manifesten os ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.

### **34. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

O acordo de devolución ou cancelación da garantía ditarase unha vez transcorrido o prazo, cando a empresa contratista cumpra as obrigas derivadas do contrato e se non resultan responsabilidades que deban exercitarse sobre ela e se resolve o contrato sen culpa para a empresa contratista.

O acordo de devolución deberá ser adoptado e notificado ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

No caso de recepción parcial a empresa contratista só poderá solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato, ou seis meses no caso de contratos de importe inferior a 100.000 euros, ou cando a empresa reúna os requisitos de pequena ou mediana empresa definida no Regulamento CE núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, sen que a recepción formal se producise por causas non imputables á empresa contratista, procederáse, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 110 da LCSP.

### **35. CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal dos poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato. Esta obriga subsistirá aínda despois de que finalice o contrato consonte o artigo 10 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, do 13 de decembro de 1999.

A empresa adxudicataria deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estea obrigado a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial das derivadas do deber de segredo.

A empresa adxudicataria responderá persoalmente das infraccións legais en que poidan incurrir os seus empregados nesta materia.

A empresa adxudicataria e o seu persoal estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos protocolos de seguridade das dependencias municipais en que desenvolvan o seu traballo durante a realización dos servizos que presten como consecuencia do cumprimento do contrato.

En calquera caso, a empresa estará suxeita ao cumprimento do Protocolo municipal de seguridade para a protección de datos de carácter persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

Para estes efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto

### **36. DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL**

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, a empresa adxudicataria e todo o persoal externo que participe na execución do contrato aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no seu desenvolvemento correspóndenlle ao Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e para todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data Creación:</i>
CON13I0RW	CON/24/2019	09-05-19 13:48

En consecuencia, todos os traballos realizados pola empresa adxudicataria e por calquera dos seus empregados para a execución deste contrato, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso a eles a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

### **37. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLAS EMPRESAS LICITADORAS**

A documentación presentada polas empresas licitadoras que non resulten adxudicatarias do contrato só será devolta se así o solicitan por escrito as respectivas empresas e realizárase pola súa conta.

Transcorridos catro meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que se solicite a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

### **38. RECURSOS**

Nos supostos previstos no artigo 44 da LCSP procederá, con carácter potestativo, a interposición do recurso administrativo especial en materia de contratación previo ao contencioso-administrativo, no prazo de quince días hábiles e nos termos previstos no artigo 50 da LCSP. O órgano competente para coñecer do recurso será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Contra as actuacións susceptibles de seren impugnadas mediante recurso especial non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 da LCSP poderán ser obxecto de recurso consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **39. LINGUA GALEGA**

Todas as comunicacións se deriven deste contrato e que se dirixan ao Concello de Santiago de Compostela ou a calquera outra entidade ou persoa con sede ou domicilio no territorio de Galicia, así como a actividade de divulgación ou publicidade a que dea lugar (rótulos, avisos, sinais informativos, folletos etc) e as propias prestacións do contrato (materializadas en forma verbal ou documental) realizaranse en lingua galega de acordo co previsto Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela.

<i>Sección de contratación SPELO</i>		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data Creación:</i>
CON13I0RW	CON/24/2019	09-05-19 13:48

## ANEXO 0

### CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

#### 1. DEFINIÇÃO DO OBXECTO DO CONTRATO

##### NÚMERO DE EXPEDIENTE

CON/24/2019

##### OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a execución das obras de de rehabilitación da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo, de acordo co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de 15 de marzo de 2019.

Establécese como obriga o cumprimento das condicións impostas para a execución das obras no Ditame da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, axustes que non suporán modificación nin sobrecusto sobre o proxectado, e que son as seguintes:

- Non se autorizará a instalación de paneis solares fotovoltaicos nos faldóns inclinados da cuberta da edificación, xa que se trata dunha actuación que introduce elementos descontextualizados na imaxe do edificio e o seu entorno debido ao seu tamaño, cor e textura. Tendo en conta que o edificio dispón de varias cubertas planas transitables, admitiríase a execución da mencionada instalación sobre unha das mencionadas terrazas, coa condición de que non distorsionen a imaxe do edificio nin a percepción visual da paisaxe urbana.
- O revestimento exterior de madeira que se proxecta como acabado exterior naquelas partes do edificio que serán reconstruídas recibirán un tratamento coa mesma cor que o resto do fondo das fachadas orixinais (aínda que se admitirán variacións tonais entre eles), co fin de harmonizar a imaxe do conxunto.
- A intervención no exterior das fachadas deberá respectar os relevos e elementos escultóricos orixinais que aínda se conserven, tratando de integralos (sen ocultalos) coas partes do inmovible que se reconstrúan.
- O acceso exterior da capela deberá dispoñer dunha rampla accesible que configura un itinerario adaptado para persoas con mobilidade reducida, aproveitando que a rasante natural do terreo permite salvar con facilidade o desnivel existente no lateral dereito (oeste) das escaleiras orixinais da porta principal de entrada.
- Limitarase a altura dos lucernarios proxectados na cuberta da capela ao mínimo imprescindible para asegurar a iluminación natural do interior da capela, pero sen afectar negativamente á imaxe da torre do campanario catalogado. Neste sentido, recoméndase que os

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

novos lucernarios non superen a altura do remate ornamental sobre o que se dispón a cruz que coroa a fachada traseira (sur) da capela.

- Co obxecto de respectar o mais posible a lectura dos ocos interiores das ventás catalogadas do inmovible, procurarase que os tabiques de distribución interior non oculten os ocos de ventás (como ocorre nalgún dos aseos proxectados).

- En relación coa Normativa de seguridade en caso de incendio, de acordo co CTE DB-SI 4, por tratarse dun inmovible destinado a uso administrativo cunha superficie construída maior de 1.000 m<sup>2</sup>, o edificio deberá estar dotado dun sistema de alarma de incendio que transmitirá sinais visuais ademais de acústicas.

- O proxecto básico e de execución presentado carece de visado do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Porén, tendo en conta que se trata dunha intervención promovida polo propio Concello, enténdese que a autorización do proxecto por parte da mencionada Administración fai innecesario ese extremo. Advírtese que antes de comezar as obras deberá estar nomeada a dirección facultativa do Arquitecto técnico e o Coordinador de seguridade e saúde das obras na fase de execución.

- A cor final das superficies revocadas dos fondos de fachada será preferentemente a branca. Admitirase a presenza de pigmento negro ata un 10% da mestura. Así mesmo poderanse empregar outras cores primarias (azul, verde, amarelo e vermello) cunha porcentaxe máxima do 5% do volume total da mestura, sempre e cando se utilice tamén neste caso un mínimo de 5% de negro e o resto de branco (este último nunha porcentaxe mínima do 90%) segundo o art. 109 da paleta cromática do PE-1.

- Lémbrese que todos os elementos en releve existentes en fachada (impostas, pilastras, recercados de ocos...) deberán ser pintados integramente no mesmo ton da paleta cromática correspondente a Elementos de Releve do Plan especial PE-1.

- Os elementos metálicos da fachada poderán ser pintados conforme ás cores e tons establecidos na paleta cromática, utilizando pinturas especiais para ferro carentes de brillo. Na forxa tradicional substituirase o pintado polo pavonado. Evitaranse os contrastes entre unha rexería prateada con carpinterías en ton escuro, e a cor negra sobre a carpintería branca. (art.119.2)

- Deberanse respectar os enreixados, cornixas, recercados, esculturas e relevos ornamentais da edificación catalogada existente.

- Os canalóns e baixantes deben ser metálicos, de cobre ou zinc (art.122 do PE-1).

- Os novos condutos de ventilación e chemineas que se proxecten na cuberta estarán situados o máis cerca posible do cumio e terán a altura mínima imprescindible para o seu correcto funcionamento (no caso dos condutos de ventilación de aseos non terán que subir por riba do cumio da cuberta). Admitiranse os condutos metálicos sempre que estean pintados cun tratamento cromático adecuado, prohibíndose o acabado de aceiro inoxidable visto (art. 123 do PE-1).

- Deberanse dispoñer a instalación de contadores, empalmes e caixas no interior do edificio, procurándose a súa integración nos espazos comúns ou de acceso, sen danalos. Así mesmo preverase a instalación de conducións verticais de acometida dende a condución soterrada na liña de medianería (art.53 do PE-1).

- Durante a fase de execución de obras, e á hora de planificar o transporte de materiais ao centro de traballo, deberase ter en conta o disposto no art. 21 da "Ordenanza xeral de circulación e



Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

uso da vía pública”, onde se prohíbe a circulación de vehículos cun peso máximo autorizado superior a 3,5 Tn nas seguintes zonas da cidade histórica: todo o interior do recinto intramuros, a zona de Hortas (Carretas, Hortas, San Clemente e Rodrigo de Padrón) e a zona do barrio de San Pedro (Rúa de San Pedro, Rosario, Bonaval, Angustia e Costa de San Domingos).

- As obras realizaranse baixo a supervisión da arqueóloga municipal.
- A aparición de restos arqueolóxicos conlevará a paralización inmediata das obras e a determinación da actuación arqueolóxica máis idónea a seguir.

As necesidades administrativas que se pretenden satisfacer mediante o contrato:

A actuación ten unha dobre finalidade:

- Por unha banda, a rehabilitación física dun inmovible catalogado con protección patrimonial, en estado de ruína e co perigo de agravamento do seu estado co paso do tempo.
- Por outra banda, a rehabilitación funcional do mesmo incorporando no seu interior o programa do CIAC xunto con oficinas administrativas para a ubicación do persoal e actividade do Departamento de Medio Ambiente.

CÓDIGO CPV

---

45211350-7

CONTRATO RESERVADO

---

SÍ  NON

CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

---

SÍ  NON

CONTRATO SUSCEPTIBLE DE RECURSO ESPECIAL

---

SÍ  NON

LICITACIÓN ELECTRÓNICA

---

Esta licitación só admite presentación de oferta por medios electrónicos. Para iso,

1. As ofertas presentaranse na plataforma de licitación electrónica do Concello de Santiago de Compostela publicada na web municipal.

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

2. As notificacións realizaranse mediante o sistema de comparecencia electrónica. Por tanto todo licitador deberá darse de alta na área privada da plataforma de licitación electrónica do Concello de Santiago de Compostela <https://licitacion.santiagodecompostela.gal/>

Para presentar a oferta por medios electrónicos cómpre ver as indicacións no **Anexo I de Cláusulas de licitación electrónica** deste prego.

#### DIVISION EN LOTES

SÍ.

NON. Consonte o indicado na memoria xustificativa, non procede a división en lotes.

## 2. ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS

### ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Denominación: Xunta de Goberno Local

Enderezo postal: Praza do Obradoiro, 1. 15705 Santiago de Compostela

### UNIDADE TRAMITADORA

Centro xestor do contrato: Obras e proxectos

### OFICINA CONTABLE

Intervención

## 3. UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Centro xestor que propón: Obras e proxectos.

Responsable do contrato: Antonio Ranedo Santillana, xefe de servizo.

## 4. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

### CAPACIDADE

As persoas naturais ou xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propios.

### CONDICIÓNS PARA PARTICIPAR

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Os licitadores que se presenten a licitacións tramitadas polo procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia

Non obstante, advírtese que o cumprimento deste requisito está provisionalmente en suspenso.

#### CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL ESIXIDA

---

Grupo C - Edificacións / Grupo K -Especiais, Subgrupo 7 de Restauración de bens inmobles histórico/artísticos Categoría 4.

#### SOLVENCIA

---

##### SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

##### *REQUISITOS mínimos de solvencia económica e financeira:*

Volume anual de negocios que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades da empresa, deberá ser, polo menos, equivalente a una vez a anualidade media do orzamento máximo de gasto. Isto é 1.060,991,73 euros.

##### *ACREDITACIÓN DE REQUISITOS:*

**1. Se ten depositadas as contas no Rexistro Mercantil**, mediante un declaración segundo o modelo que figura no **Anexo VIII** ao prego de cláusulas administrativas particulares **achegando a documentación acreditativa**.

**2. No resto dos supostos**, mediante unha declaración segundo o modelo que figura no **Anexo VIII** ao prego de cláusulas administrativas particulares e **achegando a documentación acreditativa**

**Nota:** Por volume anual de negocios debe entenderse o importe neto que figura na conta de perdas e ganancias dos modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil.

##### SOLVENCIA TÉCNICA E/OU PROFESIONAL

##### *REQUISITOS mínimos de solvencia técnica/profesional:*

Obras de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato e cuxo importe acumulado no ano de maior execución dos últimos tres sexa **igual ou superior** ao 70% da anualidade media do orzamento máximo de gasto. Isto é 742.694,21 euros.

##### *ACREDITACIÓN DE REQUISITOS:*

Mediante unha relación, segundo o modelo que figura no **Anexo IX** ao prego de cláusulas administrativas particulares, dos principais traballos de igual ou similar natureza realizados nos

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

últimos tres anos, que inclúa o seu importe, as datas e o destinatario, público ou privado. Os traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado farase mediante un certificado expedido por este ou, a falta del, mediante una declaración do propio empresario licitador acompañado dos documentos que acrediten a realización da prestación.

## 5. VALOR ESTIMADO

Para os efectos da publicidade e do procedemento de adxudicación que cómpre aplicar, o valor estimado do contrato ascende a 1.060,991,73 euros (sen IVE).

## 6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E PARTIDA ORZAMENTARIA

A) Orzamento estimado máximo de gasto do contrato:

Orzamento estimado máximo de gasto	1.060,991,73 euros
IVE	222.808,26 euros
TOTAL	1.283.799,99 euros

Esta cantidade constitúe o orzamento máximo de gasto para a realización das obras consonte os prezos ofertados durante o prazo de duración do contrato.

B) Desagregamento do orzamento base de licitación

Orzamento de execución material	891.589,69 €
13 % de Gastos Xerais	115.906,66 €
6 % de Beneficio Industrial	53.495,38 €
<i>Orzamento de licitación</i>	<i>1.060.991,73 €</i>
21% de I.V.A.	222.808,26 €
<i>Orzamento xeral contrata</i>	<i>1.283.799,99 €</i>

## APLICACIÓN ORZAMENTARIA

050 15100 62200 / proxecto GFA 2011 2 ESPIÑ 1

## TRAMITACIÓN ANTICIPADA

SÍ  NON

Sección de contratación SPELO Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I0RW	<i>Expediente</i> CON/24/2019	<i>Data Creación:</i> 09-05-19 13:48

COFINANCIAMENTO

SÍ       NON

**7. REVISIÓN DE PREZOS**

SÍ       NON

**8. PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN**

PRAZO TOTAL DE EXECUCIÓN.

Doce meses.

PRÓRROGA

SÍ.       NON

LUGAR DE EXECUCIÓN

Finca do Espiño. Santiago de Compostela.

**9. PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

PROCEDEMENTO

Aberto simplificado.

TRAMITACIÓN

Ordinaria.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULAS

Para a valoración das proposicións terase en conta o seguinte baremo de puntuación referido á documentación cuxa valoración resulta avaliable mediante fórmula matemática.

CRITERIOS ECONÓMICOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a) Oferta económica	30 puntos
<b>TOTAL VALORACIÓN CRITERIOS ECONÓMICOS</b>	<b>30 PUNTOS</b>

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

a) Oferta económica (ata 30 puntos)

#### Fórmula de cálculo

Puntuación máxima das ofertas económicas:  $POE_{\max} = X$  puntos.

(*substituír X polo valor numérico asignado en cada licitación*)

Se valoraran unicamente as ofertas económicas definitivamente admitidas pola mesa de contratación e non se terán en conta as ofertas económicas dos licitadores que sexan excluídos, incluso aqueles cuxas ofertas económicas foron definitivamente cualificadas como anormalmente baixas e, consecuentemente, foron desestimadas previamente.

Definicións:

$POE_{\max}$ : puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación.

$POE_i$ : puntuación da oferta económica do licitador  $i$ .

$OE_i$ : oferta económica do licitador  $i$ .

$OE_{\max}$ : oferta económica mais alta das admitidas definitivamente.

$OE_{\min}$ : oferta económica mais baixa das admitidas definitivamente.

$OE_{\text{med}}$ : oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente.

$n$ : número de ofertas económicas admitidas definitivamente.

$LT$ : valor do limiar para a consideración dunha oferta como anormalmente baixa calculado segundo o previsto no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ou, no seu defecto, calculado segundo o previsto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.


A oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$OE_{\text{med}} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} OE_i}{n}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:

Sección de contratación SPELO Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OE_{\max} - OE_i}{OE_{\max} - OE_{\text{med}}} \cdot 0,75 \cdot POE_{\max} & \text{se } OE_{\text{med}} \leq OE_i \leq OE_{\max} \\ \left( \frac{OE_{\text{med}} - OE_i}{OE_{\text{med}} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{\max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{\text{med}} \\ \left( \frac{LT - OE_i}{LT - OE_{\min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{\max} & \text{se } OE_{\min} \leq OE_i < LT \quad \text{e} \quad OE_{\min} < LT \end{cases}$$



Xustificación da fórmula: O uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos as ofertas intermedias.

	MELLORAS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
a)	Mellora nº1: Ampliación do prazo de garantía	10 puntos
b)	Mellora nº2: Ampliación das medidas de control de calidade	2 puntos
c)	Mellora nº3: Ampliación das medidas de control ambiental	2 puntos
d)	Mellora nº4: Plan de Comunicación	2 puntos
e)	Mellora nº5: Mellora Instalación Climatización	12 puntos
f)	Mellora nº6: Estudo Xeotécnico	1 punto
g)	Mellora nº7: Adecuación axardinamento	1 punto

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

TOTAL VALORACIÓN MÁXIMA MELLORAS

30 puntos

a) Mellora nº 1: Ampliación do prazo de garantía (ata 10 puntos)

Valorarase a ampliación do prazo de garantía das obras por encima do mínimo establecido no presente prego, a razón de dous puntos por cada ano e ata un máximo de cinco anos.

b) Mellora nº 2: Ampliación das medidas de control de calidade (ata 2 puntos)

Valorarase o aumento do orzamento de control de calidade sobre o 1% obrigatorio a razón de dous puntos por cada unidade porcentual sobre o orzamento de licitación (IVE excluído), ata un máximo do 1%.

c) Mellora nº 3: Ampliación das medidas de control ambiental (ata 2 puntos)

Valorarase o aumento do orzamento do programa de actuación ambiental sobre o proxectado a razón de dous puntos por cada unidade porcentual sobre o orzamento de licitación (IVE excluído), ata un máximo do 1%.

d) Mellora nº 4: Plan de Comunicación (ata 2 puntos)

Valorarase a creación e mantemento durante as obras dunha páxina web de información (datos de proxecto, avance das obras, estado final, etc.) e a edición á finalización das obras dun libro co proceso e resultado final (en formato físico e dixital) e dun video informativo do mesmo.

*Valor estimado da mellora:* 6.000,00 € (importes base de licitación, sen IVE)

e) Mellora nº 5: Mellora da Instalación de Climatización (ata 12 puntos)

Valorarase a mellora da instalación de climatización mediante a substitución da prevista en proxecto pola proposta no Anexo 7 do mesmo "Outras actuacións". Dito anexo recolle a totalidade de documentos de proxecto necesarios para a súa definición e execución (memoria, prego, planos, orzamento).

O valor económico desta mellora será a diferenza entre o orzamento da instalación proposta no Anexo 7 e o orzamento da prevista en proxecto:

Orzamento Climatización Anexo 7: 110.955,42 €

Orzamento Climatización proxecto: 77.267,63 €

*Valor estimado da mellora:* 33.687,79 € (importes base de licitación, sen IVE)

f) Mellora nº 6: Estudo Xeotécnico (ata 1 puntos)



Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

Valorarase a realización dun estudo xeotécnico para a comprobación da idoneidade dos cálculos, a efectuar tralos traballos de arriostamento e apuntalamiento necesarios para dotar de seguridade ao inmovible.

Valor estimado da mellora: 3.000,00 € (importes base de licitación, sen IVE)

g) Mellora nº 7: Adecuación axardinamento (ata 1 puntos)

Valorarase a realización de traballos de axardinamento exterior no perímetro.

Valor estimado da mellora: 3.000,00 € (importes base de licitación, sen IVE)

#### CRITERIOS DE DESEMPATE

Os recollidos na cláusula 10 deste prego de cláusulas administrativas.

#### 10. GARANTÍA PROVISIONAL

SÍ  NON

#### 11. GARANTÍA DEFINITIVA

Por importe do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE. Debe formalizarse nun prazo de **sete días hábiles** que se contarán dende o seguinte a aquel en que se reciba a notificación correspondente

Constitución mediante retención no prezo:

SÍ  NON

#### 12. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

As ofertas **presentaranse exclusivamente por medios electrónicos** no portal de licitacións electrónicas do Concello de Santiago de Compostela <https://licitacion.santiagodecompostela.gal/> utilizando o esquema da oferta desta licitación situado na pestana correspondente aos datos do contrato.

A presentación de proposicións de licitacións electrónicas por calquera outra vía será causa de exclusión da licitación.

**O prazo de presentación será ata as trece horas (13.00 h)** do día indicado no portal de licitacións electrónicas do Concello de Santiago de Compostela <https://licitacion.santiagodecompostela.gal/> ou o que figure no anuncio da licitación na plataforma de contratación do Estado <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>. A presentación de ofertas poderá realizarse durante 24 horas ao día os 7 días da semana **excepto o último día do**

Sección de contratación SPELO		
Contrato de obras		
Procedemento aberto simplificado		
Tramitación ordinaria		
Documento CON13I0RW	Expediente CON/24/2019	Data Creación: 09-05-19 13:48

### prazo, que rematará ás 13.00 h.

Naqueles casos en que as licitadoras opten por enviar a oferta en dúas fases, por exemplo porque teñan dificultades na súa transmisión derivadas do tamaño dos documentos, por problemas de conexións da rede etc., **deberán enviar, en todo caso, antes do final do prazo e hora de presentación, a pegada electrónica (hash) da súa oferta** ao correo electrónico [licitacion@santiagodecompostela.gal](mailto:licitacion@santiagodecompostela.gal) con indicación do número de expediente ao que se refire xunto cos datos identificativos da licitadora.

### PRAZOS

Vinte días naturais que se contarán desde o seguinte á data de publicación do anuncio na plataforma de contratación do Estado, <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma> que se reducirán a dez días naturais no caso de declaración de urxencia.

### DOCUMENTACIÓN E CONSULTAS

Os pregos e demais documentación poderán obterse na plataforma de contratación do Estado, <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>.

As consultas realizaranse a través do portal de licitacións electrónicas do Concello de Santiago de Compostela <https://licitacion.santiagodecompostela.gal/>. Para o resto de aclaracións poderá utilizarse o modelo de consultas que figura no Anexo II del prego de cláusulas administrativas particulares e envíalo ao correo electrónico [licitacion@santiagodecompostela.gal](mailto:licitacion@santiagodecompostela.gal).

Prazo límite de presentación de consultas: ata **oito días naturais** antes da data límite para a presentación de ofertas.

As respostas ás consultas formuladas que resulten de interese para todos os licitadores faranse públicas na plataforma de contratación do Estado, <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma> na pestana que corresponde aos datos do contrato.

Carácter vinculante das consultas: SÍ.

### 13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

Sobres que cómpre presentar:

